

# N

**TURGALICIA**  
BOLETÍN DE NOTICIAS

Nº 147 4-10 MARZO '08

Boletín electrónico semanal de **TURGALICIA**. Estrada Santiago Noia, Km. 3. 15896, Santiago de Compostela.



Se desexa recibir máis información gráfica ou escrita sobre as informacións contidas neste boletín envíenos un e-mail premendo o seguinte enlace:



ou pónase en contacto con nós no teléfono:

**902 200 432**

ou no fax:

**981 542 659**



[www.turgalicia.es](http://www.turgalicia.es)



Reservas



Ofertas



Publicacións



Noticias

Edita: **TURGALICIA**. Realización Boletín de Noticias: Imaxe Nova de Comunicación S.L. r/Uruguai 2, 3ª dereita, 36201, Vigo. Tel.: 986 221 835. Fax.: 986 437 141 email: [imaxenova@imaxenova.com](mailto:imaxenova@imaxenova.com)

# PRIMAVERA ACTIVA EN TURISMO RURAL


**TURGALICIA** pon en marcha un programa de actividades de tempo libre para a xuventude con aloxamento en casas rurais

Tras os satisfactorios resultados obtidos os pasados meses de outubro e novembro coa promoción "Outono gastronómico en Turismo Rural", a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, **TURGALICIA**-Dirección Xeral de Turismo, pon agora en marcha, en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, o programa "Primavera activa en Turismo Rural".

A nova campaña, na que participan 100 casas rurais de toda Galiza, ten un dobre obxectivo: por un lado, contribuír á desestacionalización do Turismo Rural galego e, por outro, achegalo á poboación de entre 18 e 35 anos, un mercado que rexistra polo de agora unha demanda moi minoritaria deste tipo de Turismo.

Deste xeito, "Primavera activa", que se desenvolverá durante todas as fins de semana dos meses de marzo, abril e maio, aproveita as potencialidades do Turismo activo nas zonas onde se enclavan as casas rurais participantes para ofrecer unha interesante alternativa de actividades de ocio e tempo libre aos mozos e mozas que se aloxen nelas. Rutas en kajak e canoa, mergullo, voo en ultralixeiro, hidrospeed, ruta paisaxística en ATV e todoterreos, espeleoloxía, escalada en rocódromo, roteiros literarios e dramatizados, e actividades e visitas culturais son algunhas delas.

O programa fai confluír en cada zona distintas empresas turísticas, nuns paquetes que inclúen, por 60 euros, aloxamento en casas de Turismo Rural; manutención completa; transporte dos participantes desde a casa rural ata o lugar da actividade durante a xornada do sábado, e un programa de actividades, con equipo de monitores e o material necesario para o seu desenvolvemento. En total, deseñáronse trece



programas de actividades, distribuídos ao longo dos tres meses, en torno aos cales as distintas casas ru-

rais participantes ofrecen o máximo de 24 prazas que poden reservarse para cada fin de semana.

## Acceso mediante inscrición previa

Para participar no programa "Primavera activa" cómpre facer reserva de praza para cada unha das opcións programadas. Hai programas cuxas actividades ofértanse varias veces de semana en distintos lugares (por exemplo, a posibilidade de facer espeleoloxía), e outros dos que só se poderá gozar nunha data determinada (o caso dunha visita en barco á illa Coelleira, en Ortigueira).

Toda a información sobre os programas -localidades de destino e datas nas que poderá desenvolverse



cada un deles-, as inscricións e a forma de pagamento atópase nas páxinas web [www.primaveractiva.info](http://www.primaveractiva.info) e [www.turgalicia.es](http://www.turgalicia.es)